

VIEIROS

Edición xeral

Un poema pola morte de Man

O músico César Morán, que puxo son ao libro de poemas de Manuel Rivas, 'O pobo da noite', vén de enviarnos un poema dedicado a Man, o alemán de Camelle, un día despois da súa morte.

- 13:30 30/12/2002

NA MORTE DE MAN, ABATIDO POLA TRAXEDIA

A Negra Sombra no mar
borrou pra sempre a túa imaxe loura.

Na paisaxe de luz e de acuarela
entrou a noite co seu manto escuro
e quebrou a beleza da túa casa
arrasando esculturas de esmeralda.

Foi un día calquer que ti chegaras
entre leve borbulla solitaria,
poeta louco pintor de caracolas,
salgada delgadez de pel morena.

*Oh, meu amigo Man, que veu do Norte,
o cadavre do mar errou a sorte!
Oh, meu amigo Man, que veu de lonxe,
nas feridas do mar achou a morte!*

O teu andar lixeiro en alancadas,
o dourado cabelo desleixado,
as longas soedades entre a espuma
ficarán para sempre na memoria.

Home de luz, espello de illas verdes,
espida imaxe solitaria e breve!
O mal do mar entrouche no máis fondo
como unha arremetida sen remedio.

A cabeza entre as mans, levas na ollada

o espanto da traxedia, como un berro,
como *O berro* de Munch levas a cara,
unha ollada de fuel, cabeza baixa.

Home de ben, mergullador de soños!
que a terra onde repouses se confunda
co teu louro cabelo e a túa imaxe
de luz!

*Oh, meu amigo Man, que veu do Norte,
o cadavre do mar errou a sorte!
Oh, meu amigo Man, que veu de lonxe,
nas feridas do mar achou a morte!*

César Morán